

BLOQUE II: S.XVIII

TEMA 7: OS DECRETOS DE NOVA PLANTA E OS SEUS EFECTOS

Conceptos relacionados: DECRETOS DE NOVA PLANTA

Nesta pregunta o alumnado terá que contextualizar os **Decretos de Nova Planta** dentro do programa reformista implantado por **Filipe V de Borbón**, co obxectivo de lograr un maior grao de centralización territorial seguindo o modelo francés; referirse ao ámbito xeográfico de aplicación dos mesmos; comentar as razóns que os xustifican e analizar os seus principais efectos a nivel político e administrativo.

En 1700 o rei **Filipe V** recibiu a coroa de España. Naqueles momentos, a Monarquía Hispánica estaba formada por un conglomerado de reinos, cada un dos cales tiña leis, foros e institucións diferentes. Na península o poder do rei era forte na **Coroa de Castela**, pero estaba suxeito a fortes limitacións na **Coroa de Aragón**.

AS REFORMAS DE FILIPE V

Desde o inicio do seu reinado **Filipe V** introduciu numerosas reformas políticas e administrativas inspiradas no modelo político francés co obxectivo de establecer un maior grao de centralización do poder político e a unificación lexislativa e institucional.

– **A Lei sálica.** As leis tradicionais dos reinos hispánicos admitían a posibilidade de que as mulleres reinasen (Castela) ou transmitisen a Coroa aos seus fillos (Aragón, Navarra); no entanto, esa posibilidade non existía en Francia. **Filipe V** modificou esta situación promulgando un decreto, a **Lei sálica**, que reservaba o trono aos herdeiros varóns, desprazando as mulleres.

– **A reorganización administrativa.** **Filipe V** modificou o sistema de goberno dos **Habsburgo** tratando de incrementar o poder real e centralizalo en poucas mans con medidas como:

1. Reduciu o número de **Consellos**, aumentando as funcións do **Consello de Estado** e do de **Castela**.
2. Potenciou as **Secretarías de Despacho** (antecedente dos Ministerios) que se encargaban dos diversos asuntos: Estado, Xustiza, Facenda, Guerra, Mariña e Indias. A concentración de poder favoreceu a potenciación do **Secretario de Estado**, que se converteu nun antecedente do que hoxe é un Primeiro ministro.
3. Incrementou o número e poder dos **capitáns xenerais** como únicos representantes territoriais do poder real eliminando os **vicereis** (agás o de Navarra).
4. Creou os **intendentes** encargados, nas provincias, do mantemento dos exércitos

(abastecementos, recrutamento de soldados) e do fomento económico do seu territorio.

5. Iniciou a transformación dos antigos reinos de orixe medieval en novas provincias e capitanías.

6. Diminuíu o papel das **Cortes**, que só se reuniron para xurar os herdeiros á Coroa.

En América, **Filipe V** tamén introduciu modificacións administrativas e legais. Mantivéronse os vicerreinados de Nova España e Perú, creouse o **vicerreinado de Nova Granada (1717)** e establecéronse progresivamente os **intendentes**.

OS DECRETOS DE NOVA PLANTA

Os **Decretos de Nova Planta** forman parte do programa de reformas políticas e administrativas inspiradas no modelo político francés, que o rei **Filipe V** introduciu desde o inicio do seu reinado co obxectivo de establecer un maior grao de centralización do poder político e a unificación lexislativa e institucinal no reino de España.

Promulgados entre 1707 e 1716, trátase dun conxunto de decretos asinados polo monarca durante a **Guerra de Sucesión** mediante os que quedaban abolidos os privilexios forais dos reinos da Coroa de Aragón, considerados como rebeldes por tomar partido por **Carlos de Austria** na Guerra de Sucesión. **Filipe V**, apoiado na forza militar das súas tropas, aboliu as leis e institucións propias e os privilexios forais a medida que ía recuperando territorios: Aragón e Valencia (1707), Mallorca (1715), e Cataluña (1716).

Consolidábase deste xeito o modelo centralista, con capital en Madrid, suprimindo a estrutura político-administrativa de Aragón e implantando o modelo castelán en todo o territorio. Estas reformas de carácter administrativo tiñan como obxectivo centralizar a administración e robustecer o poder da monarquía absoluta.

OS EFECTOS DOS DECRETOS DE NOVA PLANTA

Pola aplicación dos Decretos, os reinos da **Coroa de Aragón** perderon a súa autonomía política e institucional, sendo sometidos aos modelos casteláns. As súas institucións particulares (Cortes, Deputacións, Consellos, Generalitat) foron substituídas por unhas novas inspiradas nos modelos casteláns.

Os **vicereis** foron substituídos por **capitáns xenerais**, rebaixando así as súas atribucións. Os **concellos** foron sometidos á autoridade dos **correxedores**. Os seus **tribunais xudiciais** foron modificados mediante a creación de **11 Capitanías-Audiencias**. Por debaixo deste nivel créanse as **Intendencias**, que contribuíron a división administrativa de España en provincias, aparecendo así a primeira división provincial moderna con 32 provincias.

O **dereito público** que se vai a aplicar vai ser o de Castela. Ademais, o castelán substituíu o catalán como lingua na Administración.

Ao perder as súas Cortes e institucións perderon tamén a capacidade que tiñan de limitar as exixencias do rei para cobrar novos tributos, quedando sometidos á lexislación tributaria castelá; así mesmo impónselles as **quintas** para ao recrutamento de soldados, servizo do que estaban exentos.

No **terreo económico** en cambio saen favorecidos pois as aduanas interiores que existían entre os distintos reinos da Coroa de Aragón e Castela foron suprimidas; deste xeito os **comerciantes cataláns** poderán iniciar no século XVIII a súa expansión pola península contribuindo ao despegue económico de Cataluña.

Todas estas medidas permiten falar dun **centralismo borbónico**, cunha maior uniformización dos territorios, aínda que subsistiron numerosos particularismos políticos e xurisdiccionais: Navarra e as provincias vascas mantiveron os seus privilexios forais e os seus réximes especiais (provincias exentas), en gran parte polo apoio prestado á causa borbónica durante a Guerra de Sucesión. Ademais moitas terras e homes seguiron baixo a autoridade e a xurisdición de señores particulares e a complexidade e irracionalidade administrativa seguiu sendo moi forte.